

**PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS DE ENXEÑEIROS/AS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS E DE ENXEÑEIROS/AS INDUSTRIAIS (BOPPO núm. 157, do martes 17 de agosto de 2021)****ACTA Nº 3: SESIÓN CELEBRADA O 18/10/2021**

En Vigo, ás 9.30 horas do luns, 18 de outubro de 2021, reúnese na Sala do segundo andar da Casa do Concello o órgano de selección do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, e de Enxeñeiros/as industriais cuxas bases reitoras e convocatoria foron publicadas no BOPPO núm. 157, do martes 17 de agosto de 2021, para proceder á valoración dos méritos dos aspirantes definitivamente admitidos á formación da bolsa de emprego de enxeñeiros/as industriais.

Concorreron á esta sesión os seguintes integrantes do órgano de selección:

Presidenta titular: Beatriz Domínguez Pereira, técnica de administración xeral.

Secretaria titular: María Isabel Fernández Gabriel, técnica de administración xeral.

Vogal 1ª titular: Jerónimo Centrón Castaños, enxeñeiro de camiños, canais e portos.

Vogal 2ª (suplente): Benjamín Collazo Rodríguez, enxeñeiro industrial.

Vogal 3º titular: Aurelio Adán Fernández, enxeñeiro da edificación.

O órgano de selección, nas facultades que a este órgano de outorga a Base IX e a fin de garantir a igualdade de todos os aspirantes presentados, acorda o seguinte:

- 1) Non se valorará calquera mérito alegado no currículum ou autobaremo que non conte con documentación acreditativa conforme ao sinalado nas Bases Reguladoras.
- 2) Ao respecto dos exames aprobados, a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes foi o pasado 1 de setembro de 2021, polo que soamente se terán en conta aqueles procesos selectivos rematados nos 6 anos anteriores a dita data.
- 3) Ao respecto da experiencia profesional, os servizos análogos aos da praza desta convocatoria prestados en empresas privadas ou en traballo por conta propia, valoraranse unicamente cando se acrediten do xeito establecido nas bases: “mediante informe de vida laboral ou certificado de cotizacións expedido pola Seguridade Social, acompañada inexcusamente do certificado ou informe da empresa correspondente ou contratos de traballo ou nóminas onde conste o tempo traballado e o posto de traballo ocupado”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2021 17:21	Páxina 1 de 3
38224/220	CSV: ADAFA9-A94685-CFE6EF-JDXGZQ-5Q4LFB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



4) Ao respecto da formación académica, consonte ao establecido nas bases, non se valorará a titulación necesaria para o acceso. Soamente se valorarán aquelas titulacións de Master universitario ou Doutoramento de carácter oficial que teñan relación coas funcións propias da praza.

5) Ao respecto da formación complementaria, conforme ao establecido nas bases, valorarse a participación en cursos impartidos por Administracións Públicas ou outros organismos competentes que teñan relación directa coas funcións propias da praza. Por non estar expresamente recollido nas bases, non serán obxecto de valoración os cursos ou a acreditación de coñecementos de idiomas.

Polo exposto, o órgano de selección acorda:

PRIMEIRO: Outorgar aos aspirantes as puntuacións totais que se recolle na táboa seguinte:

	EXAMES APROBADOS	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	
Ave González, Sandra				1,8	1,8
Camino Loureiro, Cristina		4,2		2	6,2
Collazo Lago, Francisco Javier					0
De Peroy Pereira, Silvia		2,1	5	2	9,1
Fernández Arias, Yolanda				0	
Fernandez Campos, Jose				1,6	1,6
Fernández Martínez, Lara		2,7	5	1,8	9,5
García Abalde, José Ángel					0
García Currás, M ^a Cristina					0
García García, José Raúl					0
Gómez Barrera, Breixo					0
González Fernández, Roberto Carlos	10	10		2	22
López Rodríguez, Ana				2	2
Parga Rodríguez, Óscar		10	5	1,25	16,25
Regueiro Fernández, Álvaro					0
Soto González, Vicente			5	1,85	6,85
Tapias Bouso, Cristina	10	10		2	22
Vaquero Lamas, Tamara					0
Vázquez Luque, Aurelio		3,6		2	5,6
Vázquez Veiga, Marta María					0
Vilaríño San José, Alba					0
Vizcaíno González, Sergio			5	2	7





SEGUNDO: Proceder a súa publicación na páxina web municipal, para que os aspirantes poidan presentar ante o órgano de selección as alegacións que consideren oportunas en defensa dos seus dereitos e sobre os resultados das valoracións realizadas no prazo de 5 días hábiles seguintes ao da publicación.

TERCEIRO: Dado que persiste o empate logo de aplicar os criterios establecidos no apartado IV das bases, procederase a celebración de sorteo público, que se anunciará coa debida antelación.

E sen máis asuntos que tratar, ás 14.50 horas, dáse por rematada a terceira sesión do órgano de selección.

Vigo, na data de sinatura dixital,

A Presidenta,

A secretaria,

Beatriz Domínguez Pereira

María Isabel Fernández Gabriel



Copia do documento - Concello de Vigo
38224/220

Data impresión: 21/10/2021 17:21 | Páxina 3 de 3
CSV: ADAFA9-A94685-CFE6EF-JDXGZQ-5Q4LFB-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>